



SESION ORDINARIA DE 26 DE ABRIL DE 2022

(Acta número 06)

Presidenta:D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón**Sres. Deputados:**

D^a. M^a. del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Roberto Fernández Rico
 D. Xosé M^a. Arias Fernández
 D. José Luis Raposo Magdalena
 D^a. Mónica Freire Rancaño
 D. Efrén Castro Caloto
 D. Javier Jorge Castiñeira
 D. Agustín Baamonde Díaz
 D. Roberto García Pernas
 D^a. Dolores Castro Ochoa
 D. Pablo Taboada Camoira
 D. José Jesús Novo Martínez
 D^a. María Loureiro García
 D. Oscar Poy Franco
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Ángel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a. Ana M^a. González Abelleira
 D. José Manuel Gómez Puente
 D. José Fernández Vázquez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e seis de abril de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia da Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Asiste, de xeito telemático, manifestando que se encontra en territorio español, a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e o señor Deputado D. José Pardo Lombao.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	1/33



Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE MARZO E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de marzo e da sesión extraordinaria celebrada o día cinco de abril de dous mil vinte e dous, e ao on presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade dos asistentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO


2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE RIBAS DE SIL, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, exponse o seguinte:

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	2/33





O 20.06.2018, logo da pertinente tramitación administrativa formalizouse o convenio marco interadministrativo de cooperación, entre o Concello de Ribas de Sil e a Deputación de Lugo, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores (CAM). Dito convenio marco bilateral foi aprobado, en sesión da Xunta de Goberno de 13.04.2018, a cuxos antecedentes e informes nos remitimos. Así, no citado texto as partes asumían, en síntese, os seguintes compromisos:

A Deputación, entre outros:

- Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do convenio marco.
- Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.
- Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.


O Concello de Ribas de Sil, entre outros:

- Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.
- Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.
- Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con prestacións directas ás persoas.
- Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar aos usuarios do respectivo centro.

En base ao citado convenio o Concello de Ribas de Sil efectuou os seguintes trámites administrativos, a fin de fixar o réxime xurídico de prestación do servizo. Así en dito cumprimento da obriga de fixar o réxime xurídico da prestación do servizo, aprobou inicialmente, o 20.05.2019:

- Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Ribas de Sil: memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica, base para determinar a viabilidade financeira do servizo a súa forma de xestión.
- Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Página	3/33



- Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial.
- Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna.
- Regulamento de funcionamento interno do centro de atención residencial.
- Regulamento de funcionamento interno do centro de atención diúrna.


No BOP núm 117 do 24.05.2019 do publicouse inicialmente o expediente e o 13.07.2019, publicouse a elevación a definitivo do réxime xurídico prestacional establecido polo Concello de Ribas de Sil por non terse presentado reclamacións ou suxestións no prazo de exposición.

A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Ribas de Sil: memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica, base para determinar a viabilidade financeira do servizos a súa forma de xestión, e o plan de viabilidade redactado ao efecto e aprobado ou cando menos foi a base da memoria do expediente aprobado polo Concello de Ribas de Sil para o exercicio de actividades económicas, en concreto para a prestación dos servizos de atención diúrna e atención residencial no Centro de Atención a Persoas Maiores de Ribas de Sil, así como, su posterior actualización, tal e como recolle o anexo I da certificación do Pleno do 19.01.2022 determinan os seguintes custes:

ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2022 desde o 01.05.2022	2023	2024	2025 ata o 31.10.2025
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN	112.916,61 €	171.407,41 €	173.464,30 €	146.288,65 €
SALARIOS	77.686,63 €	117.928,30 €	119.343,44 €	100.646,59 €
SEGURIDADE SOCIAL	35.229,98 €	53.479,11 €	54.120,86 €	45.642,06 €
GASTO CORRENTES DE FUNCIONAMENTO	64.925,00 €	97.885,70 €	99.060,33 €	83.495,10 €
CONTRATO ADMINISTRATIVO SERVIZO	408.415,00 €	608.480,00 €	610.147,00 €	506.793,00 €
	586.256,61 €	877.773,11 €	882.671,63 €	736.576,75 €

Táboa 1. Estimación de custes Cam Ribas de Sil dende o 01.05.2022 ata o 31.10.2025 ambos incluídos.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	4/33





Nun escenario de prudencia e segundo as ordenanzas de prezos públicos aprobadas a tal efecto para os servizos aquí tratados, e considerando unha capacidade mensual media de 1.467,52 € mensuais, corresponderían uns ingresos de 336.253,56 €, cunha ocupación completa do centro para os dous servizos.

USUARIAS	CAPACIDADE ECONÓMICA 1.467,52 € PP.	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes 29	820,75 €	569,25 €	142,31 €	426,94 €	49.524,75 €	148.574,25 €	285.621,00 €
Centro de día 11	383,58 €	166,42 €	41,61 €	124,82 €	5.491,86 €	16.475,58 €	50.632,56 €
					55.016,61 €	165.049,83 €	336.253,56 €

Táboa 2. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria

O *custe de referencia do servizo* de atención residencial, está determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en 1.390,00€ para persoas dependentes segundo e 1.080,00€ para válidas, así como 550,00€ para o servizo de atención diúrna a xornada completa. Estes custes de referencia serán igual ou inferiores ou *custe efectivo real do servizo*.

O convenio marco na súa cláusula sexta, establece o réxime económico, sinalando que a Deputación asumirá o (75%) da diferenza entre *custe efectivo real do servizo* e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións: 600,00€ por número de prazas do centro e mes para as residencias e de 300,00€ por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres (para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional).

Así, o Concello de Ribas de Sil, de menos de 5.000 habitantes, terá que asumir o 25%, isto é, a diferenza entre *custe efectivo real do servizo* e o *prezo público* efectivamente pagado polos usuarios/as. Terase en conta que no caso de que a diferenza entre custe efectivo real do servizo menos o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as (o prezo público de cada un deles segundo a

	IV7DWACOMENP3RBCCTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCCTQSJ4XAIU	Página	5/33



súa capacidade económica), exceda dos importes máximos a pagar pola Deputación (600,00€ por praza e mes de residencia e 300,00€ para praza e mes de centro de día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello (200,00€ por praza e mes de residencia e 100,00€ para praza e mes de centro de día, como máximo), a diferenza será asumida pola Deputación Provincial.

Segundo consta no informe de Benestar Social e Igualdade co CSV IV7CGQPDPZOOVP4TSUYQCYSOGA o custe do servizo do Centro de atención a Persoas Maiores de Ribas de Sil para unha anualidade ascendería a 874.554,91 €, dos cales a Deputación de Lugo asumiría un déficit de 455.501,35 €, no peor dos escenarios presentados.

Tendo en conta que a prestación do servizo iniciárase previsiblemente o 01.09.2022 neste escenario o custe ascendería a un gasto máximo de 358.713,20 € (engádesse os salarios do persoal que se contratará con anterioridade para a súa formación no modelo e posta en marcha, así como o mantemento previo), dos cales 112.084,52 € serían achegados polas persoas usuarias, 219.028,68 € corresponderían ao déficit a asumir a Deputación, mais as achegas do Concello 27.600,00€ . Así para a Deputación tería que achegar coas peores previsións 219.028,68 € na anualidade 2022.

Estas consideracións de tipo económico enmárcanse nas obrigas fixadas neste convenio específico e mesmo no convenio marco do que trae causa e ao que desenvolve. Resulta necesario o seu coñecemento a efectos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) e mesmo para a distribución temporal do gasto no tocante aos compromisos económicos asumidos (art. 49, letra da mesma Lei) co límite temporal de non superar os catro anos de duración, contados desde a sinatura do convenio marco (17 de abril de 2019).

Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente, entre o que se atopa a certificación do acordo de aprobación do convenio específico polo Concello de Ribas de Sil do, os informes da xefatura de servizo de Benestar Social e Igualdade co CSV IV7CGQPDPZOOVP4TSUYQCYSOGA, da Intervención de consignación orzamentaria co CSV IV7CG7DOHNWD2VHTWIEB75KBEA, o informe do Servizo de Contratación e Fomento co CSV IV7CGCTCHUHJLCELVRERAPQXC, así como, os informes de fiscalización co CSV

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	6/33





IV7DU3ZOBN4Y56UNDX4S6IJAEQ e IV7CHXZDLIW23FODCYU46PRSIY, relativos a este Convenio Interadministrativo.

Proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribas de Sil, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal).

2º.- Aprobar a liquidación do convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil coa aprobación do plan de pago do Concello de Ribas de Sil en relación á débeda de 200.000,00€, sendo abonada na súa totalidade durante a anualidade 2022.

3º.- Aprobar o orzamento vinculado á aprobación do Convenio Específico (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polas persoas usuarias) cun total estimado de 2.855.734,69 € para as catro anualidades dende o formalización do convenio ata o 31.10.2025, ambos incluídos coa seguinte distribución:

Ano 2022: 358.713,20 €


Ano 2023: 877.773,11 €

Ano 2024: 882.671,63 €

Ano 2025 736.576,75 € (ata o 31.10.2025)

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025. Para a anualidade 2022 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento, e para as anualidades 2023, 2024 e 2025 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023, 2024 e 2025 as cantidades indicadas e nas aplicacións orzamentarias sinaladas no informe con código CSV IV7CG7DOHNWD2VHTWIEB75KBEA.

	IV7DWACOMENP3RBCCTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCCTQSJ4XAIU	Página	7/33



4º.- Instar ao Concello a actualizar a normativa vinculada co CAM de Ribas de Sil á nova situación socioeconómica con especial mención no relativo á Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, co obxectivo de reforzar os obxectivos recollidos nos Convenio Marco e Específico citados e mantendo o carácter homoxéneo das prestacións na Rede de Centros”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=2>

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

3.- CORRECCIÓN DE ERROS DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO APROBADA POLO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 5 DE ABRIL DE 2022.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

Informe proposta de Intervención

Advertiuse erro no Informe de Intervención, na Memoria e na proposta de acordo de modificación do orzamento da Deputación vía suplemento de crédito de data 17 de marzo de 2022, aprobada polo pleno extraordinario o 5 de abril de 2022 e publicada no BOP de Lugo do 6 de abril de 2022, así onde di:

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	8/33





MEDIO AMBIENTE		
Transf. correntes a entidades.	Medio rural 1720.48900	6.100,00€
		6.100,00€
.....		
Atención aos cidadáns		
Transf. Correntes a entidades.	Atención aos cidadáns 9250.48900	91.500,00€
Transf. De capital a entidades.	9250.789	26.000,00€
Total		117.500,00€
....		
TOTAL actuacións		3.319.638,32€

Para dotar o crédito necesario nas aplicacións orzamentarias precisas para a execución das actuacións anteriores, procede a seguinte modificación de crédito consistente nun Suplemento de Crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicacións orzamentarias		Importe
1720.48900	Protección e mellora do medio ambiente, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	6.100,00 €
...		
9250.48900	Atención aos Cidadáns, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	91.500,00 €
9250.789	Atención aos Cidadáns, Transferencias de capital a entidades sen fins de lucro	26.000,00 €
TOTAL		3.319.638,32 €

Debe dicir:

MEDIO AMBIENTE		
Transf. Capital a entidades.	1720.789	6.100,00€
		6.100,00€
...		
TURISMO		
Transf. correntes a Entidades	Promoción turística 4320.48900	60.500,00 €
		60.500,00 €
DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL		
Transf. correntes a Entidades	Desenv. empresarial 4330.48900	21.000,00 €
		21.000,00 €
...		
Atención aos cidadáns		
Transf. de capital a entidades.	Atención aos cidadáns 9250.789	36.000,00€
Total		36.000,00€
...		
TOTAL actuacións		3.319.638,32€

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	9/33



Para dotar o crédito necesario nas aplicacións orzamentarias precisas para a execución das actuacións anteriores, procede a seguinte modificación de crédito consistente nun Suplemento de Crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias:

<i>Aplicacións orzamentarias</i>		<i>Importe</i>
1720.789	<i>Protección e mellora do medio ambiente, Transferencias capital a entidades sen fins de lucro</i>	6.100,00 €
...		
4320.48900	<i>Promoción turística, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro</i>	60.500,00 €
4330.48900	<i>Desenvolvemento empresarial. Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro</i>	21.000,00 €
9250.789	<i>Atención aos Cidadáns, Transferencias de capital a entidades sen fins de lucro</i>	36.000,00 €
TOTAL		3.319.638,32 €

...”

Toma a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, representante do Grupo Provincial Popular xa que non ten clara a corrección e que bota en falta que non apareza na Memoria e na Proposta. Acláraselle que nos cadros da Proposta de corrección se indican os erros materiais cometidos e as correccións propostas que afectan aos distintos documentos do expediente, xa que é o mesmo cadro o que se reproducen neles, non afectando ao resto dos aspectos do expediente.

Non habendo máis cuestións, sometese a proposta da Presidencia a votación, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, co voto en contra dos Sres. Deputados, D. Javier Jorge Castiñeira, D. José Jesús Novo Martínez e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que a Presidenta declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	10/33



**Intervencións:**<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=3>

--oo0oo--

4.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS DE FOMENTO DO USO PARA A LÍNGUA GALEGA ESPECIALMENTE PARA FREAR A CAÍDA DE USO ENTRE A MOCIDADE.

Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de goberno para reclamar á Xunta de Galicia medidas de fomento do uso para a lingua galega especialmente para frear a caída de uso entre a mocidade.

Organismos como a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega veñen advertindo en datas recentes do retroceso no uso do galego, unha situación que está a facer retroceder a lingua a niveis propios dos anos 90. O balance máis negativo da situación faino o propio goberno da Xunta de Galicia, que no seu *Plan de Dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022* recoñece que “a partir do 2008 apreciamos un importante descenso do bilingüismo con predominio do galego que se traduce nun aumento dos usos monolingües...moito máis acusado en favor do monolingüismo en castelán”.

A Xunta vén recoñecer así o fracaso do seu modelo lingüístico, e que o suposto “bilingüismo harmónico” do que presume o presidente da Xunta – mesmo como parte do seu proxecto para o PP estatal- non é tal. É tan só unha cortina de fume para agochar unhas políticas pensadas para manter a situación de preeminencia do castelán.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	11/33



Recoller todos os indicadores de alarma alongaría case ata o infinito o presente documento. Por citar algúns, cumpre sinalar que, de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2008 un 14% dos alumnos/as galegos recibían todas as súas clases en galego. No ano 2013, apenas catro despois da chegada do PP ó goberno da Xunta, esa porcentaxe caera ata o 2,15%. Os datos do 2018 ofrecen unha nova caída. Só o 1% dos e das estudantes galegas cursan a totalidade das súas materias en galego.

Dun xeito parello á caída do uso do galego no ensino evolucionou o investimento no fomento da lingua. O investimento no programa de fomento da lingua galega caeu un 22% nos orzamentos do ano 2022, situándose nuns 10 millóns de euros. Cumpre lembrar que este programa contaba no ano 2009, no último orzamento do goberno bipartito, dunha dotación duns 17 millóns de euros. O recorte do PP nestes 13 anos é de aproximadamente un 41%.

A Xunta do PP segue a reducir o uso do galego no ensino. Aposta por universidades privadas pero non adopta medidas para fomentar o uso do galego no sistema público universitario de Galicia. Mentres as novas tecnoloxías chegan á vida dos nenos/as, que acceden cada vez máis a contidos a través do seu teléfono móbil, carece dunha política de presenza do galego en redes sociais. Nun xesto que case parece unha burla, mesmo chega a financiar o estreo en Amazon de contidos sobre Galicia que non teñen nin o audio nin os subtítulos dispoñibles en galego. No que fai ó uso do galego na Xustiza, a Xunta tense amosado remisa a cumprir ca súa propia lexislación, ignorando que a Lei de Normalización Lingüística do ano 1983 instaba á Xunta a promover a progresiva normalización do galego na administración de Xustiza.

Ante esta situación, a Deputación de Lugo quere anovar o seu compromiso ca lingua galega, o seu emprego e o fomento do seu uso normalizado nos ámbitos cotián e administrativo. E dende ese compromiso, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a adoptar medidas de fomento da lingua galega que fomenten o seu uso e freen a caída do seu uso entre as xeracións máis novas, entre elas:

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	12/33





- Que a Xunta de Galicia faga seus e cumpra cos contidos da Carta Europea de Linguas Minoritarias, nomeadamente no que fai ó uso do galego no ensino, e tendo en conta as críticas vertidas polo comité de expertos da citada carta sobre o Decreto de Plurilingüismo do ano 2010.
- Que a Xunta de Galicia garanta o ensino en galego en todos os niveis educativos, tamén no sistema público de universidades.
- Que se estude o impacto que ten o acceso ó teléfono móbil por parte de nenos e nenas como factor que fai retroceder no uso do galego e se adopten políticas proactivas específicas sobre esta materia.
- Que se potencie o investimento en contidos dixitais de calidade, en galego, dirixidos á mocidade.
- Que o investimento no programa de fomento da Lingua Galega recupere, a lo menos, os niveis que tiña no ano 2009, revertendo o recortes do 41% efectuado polo actual goberno.
- Que a Xunta de Galicia adopte medidas para fomentar o uso do galego na administración de Xustiza”.


Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que a Presidenta declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/pleno=20220426&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS QUE GARANTAN OS SERVIZOS SANITARIOS NA PROVINCIA DE LUGO.

	IV7DWACOMENP3RBC TTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBC TTQSJ4XAIU	Página	13/33



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta medidas que garantan os servizos sanitarios na provincia de Lugo.


Ó longo dos últimos meses, a situación de deterioro da sanidade pública na provincia de Lugo ten chegado tanto ós medios de comunicación como ó propio Parlamento de Galicia. Unha situación derivada da política de persoal do Sergas, baseada nos recortes, no peche de servizos, en non cubrir as baixas ou as xubilacións e en impoñer cupos de traballo abusivos ou imposibles.

A falta de persoal no servizo de Paliativos e de Hospitalización a Domicilio do Hospital da Mariña foi recoñecida mesmo polo PP, que votou a favor de cubrir dun xeito urxente as baixas dun cadro de persoal que xa de inicio resultaba insuficiente. Por mor do desleixo da Xunta, 10 dos 14 concellos da Mariña estiveron durante 6 meses sen servizo presencial destas especialidades médicas, a pesares do compromiso do propio Núñez Feijoo, en xullo de 2019, de que en 2021 “todos os concellos de Galicia terán 365 días ao ano servizo de Hospitalización a Domicilio”.

Moitos destes enfermos, con patoloxías crónicas ou en situación terminal, foron derivados a centros de saúde como o de Viveiro, que xa estaban a sufrir situacións de contar cun só médico para 16.000 veciños e veciñas e onde o Concello, o persoal sanitario e os doentes levan anos pedindo que se cubran as baixas de persoal no PAC.

Algo que están tamén a reclamar os veciños e veciñas de Vilalba, que vén como seguen sen contratar 3 dos 11 médicos previstos para o PAC e o Centro de Saúde. Esta falla de persoal fai que os médicos teñan que repartir entre eles o cupo de pacientes, o que está a arroxar unha ratio de 1.700 pacientes por facultativo. Ademais, estase a perder a atención especializada en Oftalmoloxía ou Reumatoloxía.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	14/33






Situación semellante dáse en Baralla, onde non se teñen contratado os 3 médicos previstos e onde o centro de saúde funciona cun único médico, xa que non se cobren nin baixas por enfermidade nin vacacións. E tamén en Xermade, cun centro que debería de contar con 3 médicos de medicina familiar e comunitaria e que conta agora cun único profesional variable. Por non falar do déficit endémico de atención pediátrica na provincia, con exemplos claros en Foz ou Monterroso, entre outros, unha situación agravada pola decisión da Xunta de renunciar a convocar 151 prazas de MIR para facultativos de medicina de familia dende 2009, e a pesares do impulso que o actual goberno do Estado deu á formación MIR batindo récord de número de prazas en cada convocatoria de maneira sucesiva nos últimos 4 anos.

A Deputación de Lugo quere deixar constancia do esforzo e da profesionalidade dos profesionais da sanidade pública galega. E como firmes defensores da sanidade pública, consideramos que é urxente adoptar medidas que garantan a prestación e o acceso ós servizos sanitarios na provincia de Lugo, a atención adecuada ós doentes e o benestar laboral do persoal sanitario. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Que formalice de xeito inmediato as contratacións previstas nos cadros de persoal médico e de enfermería dos PAC, Centros de Saúde e Hospitais da provincia de Lugo.
- Que adopte unha política de persoal racional, que cubra as baixas por enfermidade, xubilación ou vacacións e incremente os cadros de persoal alí onde resulten insuficientes.
- Que garanta o mantemento das especialidades existentes nos diferentes Centros de Saúde, para que non se vexan afectadas pola política de recortes, e non renuncie a ampliar o espectro de categorías profesionais nos centros de atención primaria.
- Que actualice, mellore e dignifique as condicións laborais que teñen os profesionais da sanidade pública.
- Que adopte medidas para incentivar a formación e contratación de expertos en pediatría, convocando todas as prazas de MIR pediátrico e de familia que teña adxudicadas, así como o resto de especialidades”.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	15/33



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que a Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA Á PROPOSTA INICIAL DE ACTUALIZACIÓN DAS CONCESIÓN DE TRANSPORTE COLECTIVO POR ESTRADA DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa á proposta inicial de actualización das concesións de transporte colectivo por estrada do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Exposición de Motivos:

Neste intre atópase en tramitación o Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible por parte do Ministerio.

Nas súas palabras: “Esta lei ten por obxecto principal construír o marco normativo que permita que as políticas públicas de transporte e mobilidade das administracións en España respondan mellor as necesidades reais dos cidadáns e aos retos do século XXI: a sostibilidade, a dixitalización e a cohesión social e territorial. Ademais, recoñecerase a mobilidade, por primeira

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	16/33





vez, coma un dereito e un elemento de cohesión social que contribúa ao Estado do Benestar e a necesidade de que as administracións faciliten o exercicio deste dereito, e establécense os principios reitores das administracións públicas nesta labor”.

Sen embargo atopámonos con que nas presentacións dos seus plans para actualizar as concesións do transporte colectivo por estrada, as súas propostas van en sentido totalmente contrario ao anteriormente citado.

Así vemos coma na provincia de Lugo propónse eliminar unha ruta e pasar dunhas 15 paradas a tan só 6. Deixando gran parte do territorio coa parada máis próxima a máis de 30 ou 40 km de distancia. Claramente isto non contribúe á cohesión social e territorial.

Esta futura situación viría a sumarse ás xa deficientes ou inexistentes comunicacións de transporte público de proximidade, sexa por estrada ou sexa por ferrocarril. Co que as posibilidades públicas de mobilidade da poboación lucense quedarían reducidas a súa mínima expresión.


É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos, instando ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e dándolle traslado a ambos de:

1.- Que reconsideren a súa proposta inicial de actualización das concesións de transporte colectivo por estrada, evitando a perda ou redución dos xa escasos servizos da actualidade e buscando pola contra o seu reforzo.

2.- Que a futura “Lei de Mobilidade Sostible” explicita claramente a aposta polo transporte público de viaxeiros. Adecuando ás necesidades da poboación as características do servizo e as súas interconexións”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 14 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do

	IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Página	17/33



BNG e do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 9 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista). Polo que a Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA A POSTA EN VALOR DA PRODUCCIÓN PRIMARIA AGRARIA DO VAL DE LEMOS

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para a posta en valor da produción primaria agraria do Val de Lemos.

Exposición de Motivos:

A perda de superficie agraria útil en Galiza mantén a tendencia das últimas décadas, segundo os datos sobre a estrutura das explotacións agrícolas do Instituto Nacional de Estatística (INE). Do 2013 ao 2016, Galicia perdeu 34.000 hectáreas, máis dun 5% da súa superficie agraria total. A comunidade acumula nese período a metade da superficie agrícola útil que se perdeu no conxunto de España, curiosamente na lexislatura do rural, apodada polo ex-presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijoo.

O problema da perda de terras no agro, apunta á dificultade de manter na agricultura a superficie das explotacións que cesan na actividade. Esas terras, en parte dos casos, ou ben quedan abandonadas ou ben son forestadas.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	18/33





Das 621.000 hectáreas agrarias que o INE contabiliza en Galicia, preto de 200.000 corresponden ás granxas de leite, que teñen de media arredor de 20 hectáreas, [moi lonxe das 51 hectáreas de media dunha granxa láctea europea](#). Para manter a competitividade do sector lácteo galego, calcúlase que se precisan 130.000 hectáreas adicionais a disposición das explotacións.

As arredor de 6.400 ganderías de vacún de leite de Galicia e as súas 320.000 vacas concéntranse en apenas 200.000 hectáreas de Superficie Agraria Útil (SAU), tanto de cultivos como de pastos, o que supón soamente o 7,4% do territorio galego.

Coa situación da crise provocada pola pandemia da Covid no 2019 e 2020, as consecuencias do cambio climático con episodios máis frecuentes de secas de máis duración e intensidade, a crise enerxética mundial (carestía dos prezos da electricidade, gas, petróleo, etc...) e o recente conflito bélico en Ucraína, colocan o abastecemento e custes dos insumos imprescindibles para a sostenibilidade da actividade agrícola e gandeira galega e por extensión da provincia de Lugo (materias primas para a alimentación animal, pensos, fitosanitarios, adubos e fertilizantes) nunha situación de tormenta perfecta de difícil saída.


Argumentar con cantidades e prezos este abastecemento, a día de hoxe, resulta absurdo debido á volatilidade dos mesmos.

O que non é absurdo é reflexionar sobre das debilidades do sistema produtivo dependente da ganadería intensiva de toda clase e a escasa SAU complementaria das esixencias alimenticias desa cabana.

A actual carreira contra o tempo para conseguir insumos procedentes doutros provedores non habituais plantexa dificultades e miserias propias do mercado internacional: especulación, calidades, velocidade... E mentres, as “reservas” son escasas e sofren tamén da especulación propia (acumulación, ocultación...)

É o segundo aviso en pouco tempo sobre a importancia do rural para este noso país e da necesidade de incrementar de xeito significativo a porcentaxe do 21% de SAU no camiño dunha soberanía alimentaria propia aceptable.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Página	19/33



A situación da guerra en Ucraína, o dano recibido pola poboación e infraestruturas, a posible prolongación e enquistamento do conflito, non van ser, por desgraza, remediabes a curto prazo. E pola contra, a demanda a nivel europeo está sendo brutal. Todo isto sen contar que Rusia tamén figuraba coma provedor de certas partidas de cereais.

Importamos arredor de 3 millóns de toneladas de cereais e oleaxinosas para a fabricación dos concentrados, fundamentalmente destinados á alimentación animal nas fábricas de pensos tanto para ruminantes como para animais. Da Ucraína importamos arredor do 23% do total dos cereais empregados en Galiza. Atopámonos nunha clarísima deslocalización da soberanía alimentaria primaria.

A soia rondaba un prezo de 300 euros/Tm, o millo e a cebada polos 180 euros/Tm e o concentrado para vacas de leite polos 230-240 euros /Tm. Proporcionar cifras de prezos de insumos é hoxe unha aventura debido á súa enorme volatilidade e especulación. A primeiros de ano incrementaran un 25% logo coa guerra de Ucraína todo se volveu unha tolemia que se agudizou coa folga do transporte.


A crise enerxética global está mudando a orde económica mundial, favorecendo unha inestabilidade da orde xeoestratéxica polo control de certos recursos que escasearán a curto e medio prazo e que son esenciais para o mantemento do sistema capitalista global.

Desta vez, a situación de dependencia e de colapso da nosa gandaría de leite e en maior medida da porcina e avícola é cada vez máis real. Os tempos son chegados. É o momento, pois, de tomar medidas estruturais ademais das paliativas para o inmediato.

É o momento de recuperar o tempo perdido e poñer en práctica as medidas que activen o rural, os cultivos cerealistas nas zonas abandonadas e de recuperar a superficie agrogandeira forestada ilegalmente coa complicidade do chamado goberno galego.

Para lograr incorporar estas terras abandonadas e convertelas en superficie agraria útil compe elaborar e consensuar un Plan de Recuperación á maior brevidade posible das comarcas de

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	20/33





perdida tradición cerealista deste País para paliar a escaseza e altos prezos dos insumos garantindo un abastecemento acorde coas esixencias sanitarias.

Na provincia de Lugo dispoñemos dun exemplo claro do abandono a que a Consellería de Medio Rural e a súa única aposta a todo ou nada polas aldeas modelo está hipotecando ao sector produtivo primario: trátase do Val de Lemos. A zona de regadío do Val de Lemos foi declarada en 1966, cunha superficie decretada ascendía a 5.500 Has.

O plan de regadío do Val de Lemos foi un dos grandes fracasos da política agraria do franquismo en Galicia. As obras de construción dos canais de regadío, que incluíron a construción do encoro de Vilasouto, acometéronse durante os anos 60 e 70, pero contaron con múltiples carencias dende un principio (falta de concentración parcelaria, de estudos de mercado, ou de obras de nivelación do terreo).


Desta forma, o que estaba proxectado como a maior zona de regadío agrícola de Galicia (preto de 5.000 hectáreas do val de Lemos) finalmente quedou en pouco máis de 2.000 hectáreas ás que realmente chega a auga a través da rede de acequias. Porén, en apenas 600 hectáreas se utiliza realmente o regadío, estando abandonadas a maioría das terras agrícolas.

Infraestruturas obsoletas, en parte sen rematar e ausencia dun proceso de concentración parcelaria da totalidade da área afectada son aspectos que fan inviable a súa explotación.

Sobre unha superficie total de 6.672 Has. afectada polo regadío , algo menos da metade ten aproveitamento agrogandeiro na actualidade. Da SAU existente só se aproveita un 45% polas explotacións gandeiras, o 35% en réxime de alugueiro.

Dos propietarios que liberan SAU, o 53% queren adicar a superficie agraria a un uso forestal ou sinxelamente deixala abandonada. Ademais existe unha baixa demanda do regadío polo alto prezo das taxas e o deterioro das infraestruturas, ata o punto que só se regaron un 25% das terras declaradas de regadío.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	21/33



Chama a atención que nos Concellos delimitados pola zona de regadío do val de Lemos: A Pobra de Brollón, Bóveda, Ferreira de Pantón, Monforte de Lemos e Sober, mantense unha elevada actividade gandeira de pequenos ruminantes (gando ovino e cabrún), reflectida nos censos de gando actualizados, cun total de 10.608 animais repartidos en 444 explotacións gandeiras.

As dúas únicas zonas con certa actividade promovida dende o Banco de Terras son unhas poucas parcelas nunha zona de Sober a través dun proxecto de mobilidade na aldea de Proendos e as parcelas da aldea modelo na parroquia de Parada dos Montes no concello da Pobra do Brollón.

Os factores estruturais que se dan o longo dos últimos anos seguen sen resolverse e acentuándose, as disfuncións que existen entre o sector forestal e gandeiro agrávase, ampliándose as repoboacións en zonas con clara vocación agrogandeira e incluso a invasión da zona urbana no territorio de uso agrario.


O deterioro das infraestruturas do regadío, sen un mantemento axeitado, lévanos a unha moi baixa utilización do regadío. Por un lado as perdas de caudal das canles e o obsoleto dos sistemas de rego fan que os posibles regantes non vexan atractivo o pago das taxas, xa por si moi elevadas comparadas con outras (como por exemplo a zona do Bierzo).

Pero na actualidade danse una serie de oportunidades que fan que o Val de Lemos sexa unha área estratéxica para a produción de materias primas para o sector gandeiro e incluso hortofrutícola.

Existe unha elevada demanda por parte dos gandeiros e sociedades de superficie para cultivo de forraxe (os propios estudos da Consellería de Medio Rural o demostran) e o prezo dos cereais está en valores nunca vistos e con previsións a futuros inquietantes.

Galiza debe reducir a dependencia de materias primas do exterior dadas as condicións que se están dando tanto dende o punto de vista de cambio climático coma da escaseza dos cereais nos mercados internacionais. O Val de Lemos ten unha condicións climáticas e edafolóxicas axeitadas para o cultivo de cereais.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	22/33





Cuns rendementos en regadío medios de 7 Tm/Ha. de trigo do país e 15 Tm/Ha. de trigo convencional 14 Tm/Ha. de millo-gran, 23 Tm/Ha. de millo forraxeiro, nun proxecto razoable de reactivación de 2.000 Has. poderíanse acadar unhas producións totais de 14.000 Tm. totais de trigo do país, 30.000 Tm. de trigo convencional, 28.000 Tm. de millo-gran ou 46.000 Tm. de millo forraxeiro.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural activa e responsable que transforme esta situación de ameaza en oportunidade e que elabore un Plan de Recuperación de zonas con gran aptitude cerealista.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Consellería de Medio Rural a que elabore un Plan de Recuperación de zonas con gran aptitude cerealista, na que o val de Lemos teña un peso fundamental na provincia de Lugo, a fin de recuperar a soberanía alimentaria.


2.- Pedir á Consellería de Medio Rural que inicie os procesos de concentración parcelaria urxentes nas zonas propostas na zona de delimitación do Val de Lemos e finalice aqueles que se atopan inconclusos.

3.- Solicitar á Confederación Hidrográfica que leve a termo as conclusións do proxecto piloto de “Mobilización de Terras no Val de Lemos” (Bóveda).

4.- Instar á Confederación Hidrográfica para que solucione o problema recorrente das taxas pola auga de regadío coa Confederación Miño-Sil.

5.- Solicitar á Consellería de Medio Rural que acometa as obras de modernización e actualización das infraestruturas do Regadío para a posta en valor da produción cerealista primaria.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQJSJ4XAIU	Página	23/33



6.- Instar á Xunta de Galicia para que revise e actualize a delimitación dos perímetros urbanos da zona do Val de Lemos.

7.- Pedir á Consellería de Medio Rural a creación dunha comisión no Parlamento de Galicia cos distintos actores implicados para activar a posta en valor do Val de Lemos, onde se tomen como base os distintos traballos realizados feitos ao longo destes anos como base de partida para a toma de decisións técnicas”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que a Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A MANTER COMO MÍNIMO O ACTUAL NÚMERO DE PARADAS DAS LIÑAS ESTATAIS DE AUTOBUSES NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a manter como mínimo o actual número de paradas das liñas estatais de autobuses na provincia de Lugo.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	24/33





Exposición de Motivos:

O novo mapa concesional das liñas estatais de autobús que presentou o Goberno é unha mostra máis do seu abandono do rural e de que promove unha mobilidade centrada unicamente no ámbito urbano. Só así se entende a intención do Goberno central de eliminar a metade das paradas das liñas estatais de autobús, un drástico recorte que, na práctica, suprime servizos de moitas poboacións.

A medida que pretende implantar o Goberno central obrigará aos seus viaxeiros a ter que facer transbordos para as viaxes de longa distancia, dificultando o acceso ao transporte público e o camiño cara á mobilidade sostible.

Está claro que, ao igual que coa Lei de Mobilidade Sostible -que supón unha acta de defunción dos servizos ferroviarios de media distancia- e tamén co novo mapa concesional o Goberno prima a planificación urbana e metropolitana, condenando ao rural a unha perda radical de servizos e de conectividade en transporte público, o que incidirá de xeito moi negativo na calidade de vida destas poboacións e lastrará o seu desenvolvemento.

Este Grupo ao igual que a Xunta de Galicia, presentou alegacións ao anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible que impulsa o Goberno de España e que consideramos lesivo para garantir as comunicacións no rural de Galicia.

Consideramos que a normativa debe ter en conta as características diferenciais de Galicia, que conta cun elevado nivel de dispersión territorial e con poboación envellecida, o que fai necesaria unha alta capilaridade dos servizos de mobilidade.

Dadas estas peculiaridades da comunidade galega, e en especial as da nosa provincia, o transporte público precisa dun significativo volume de achegas por parte da administración.

Cómpre resaltar que neste sentido, para dar resposta ás necesidades reais da poboación galega en materia de comunicacións, a Xunta vén redobrando nos últimos anos os esforzos investidores dirixidos a acadar un transporte público de calidade.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	25/33



Tomando en consideración as características propias de Galicia e á vista do anteproxecto da Lei de Mobilidade Sostible, hai que destacar que o texto non contempla en ningún ámbito a mobilidade rural e prevé a eliminación dos servizos ferroviarios rexionais.

Lamentamos que a planificación de infraestruturas de transporte estatal quede supeditada á rendibilidade, centrando os investimentos nas zonas máis poboadas ou nos corredores de maior demanda.


Se se materializa o previsto no anteproxecto, totalmente centrado nas contornas urbanas, agravaríase o declive demográfico e o abandono de sectores produtivos estratéxicos para a economía da comunidade, en xeral, e para a da provincia de Lugo, en particular, debido á falta de competitividade.

A este respecto, queremos facer un chamamento a incorporar na normativa os conceptos referidos á igualdade de oportunidades ou á vertebración territorial, básicos para os núcleos rurais. O deseño do novo mapa de concesións, inspirado no citado anteproxecto que se está tramitando, prevé un drástico recorte nas paradas que se reducen a metade, obrigando aos viaxeiros das poboacións con menor demanda a realizar transbordos dende os autobuses de competencia autonómica aos vehículos privados.

Segundo recollen os medios de comunicación, se a media de paradas por ruta e sentido é de 12,8, o novo escenario concesional prevé reducilas a seis. O Informe que encargou o Ministerio de Transportes a Ineco, empresa pública de enxeñería, ven a confirmar que o número de habitantes dos municipios será fundamental para poder ter unha parada dunha liña estatal de autobús.

O impacto notarase nese territorio maioritario en Galicia que queda fóra das grandes cidades e, especialmente, naqueles grupos que con máis frecuencia utilizan o bus entre eles os estudantes. A incidencia será aínda maior naqueles localidades que carecen dunha alternativa ferroviaria.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	26/33





Na documentación que manexa o Ministerio pode apreciarse unha considerable redución de paradas en liñas que percorren a A-6. É o caso de Guitiriz, O Corgo, Baralla, As Nogais e Pedrafito do Cebreiro. Outras paradas que se proxecta eliminar son as de Palas de Rei, Chantada, Quiroga e Monterroso. Nas conexións lucenses queda claro que se cumpre a regra de suprimir a metade das paradas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposa de acordo:

Instar ao Goberno central a:

1.- Manter, como mínimo, o mesmo número de paradas existentes na actualidade nas liñas estatais de autobuses que discorren pola provincia de Lugo.


2.- Introducir no texto do Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible as seguintes consideracións:

A. Que teña en conta os principios de vertebración territorial e de igualdade de oportunidades pois, de non facelo así, agravará o declive demográfico e empuxará ao abandono de sectores produtivos estratéxicos para a economía galega ao non resultar competitivos.

B. Que inclúa entre os criterios para a declaración de Obrigas de Servizo Público no transporte ferroviario a rendabilidade social e ambiental e non unicamente a económica para evitar a supresión dos servizos ferroviarios de media distancia e a desaparición do tren no rural.

C. Que busque fórmulas dialogadas e consensuadas para afrontar o desafío que supón a conservación da rede de estradas, evitando a implantación dun pago por uso nas autovías baseada nos quilómetros percorridos, por canto suporía agravar os desequilibrios das comunidades periféricas como Galicia.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	27/33



D. Que contemple que as Comunidades Autónomas tamén poidan beneficiarse do Fondo estatal para o sostemento da mobilidade, que agora mesmo deixa fóra o transporte metropolitano que prestan as autonomías.

E. Que racionalice as conferencias sectoriais que se propoñen no texto lexislativo que teñen que ver con asuntos intrinsecamente relacionados e, no seu caso, garanta o seu correcto funcionamento, con celebracións de reunións periódicas que posibiliten o debate, o diálogo e o consenso dos asuntos problemáticos ou de maior interese.

F. Que promova o principio de presenza equilibrada de mulleres e de homes nos nomeamentos e designacións nos órganos creados ou existentes.

G. Que fomente a mobilidade inclusiva para garantir o acceso ao transporte público a todos os cidadáns”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 14 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do BNG e do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 9 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista). Polo que a Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.


Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO PROVINCIAL A POÑER EN FUNCIONAMENTO A PLANTA DE BIOGÁS INTEGRADA NAS INSTALACIÓNS DO CENTRO DE RECRÍA DE CASTRO RIBERAS DE LEA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, indicada no epígrafe, do seguinte teor:

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	28/33





“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao equipo de goberno provincial a poñer en funcionamento a planta de biogás integrada nas instalacións do Centro de Recría de Castro Riberas de Lea.

Exposición de Motivos:


A Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo aprobou en sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2014 o Proxecto de Execución da Planta de Biogás Agrogandeiro máis grande de Galicia, integrada no Centro de Recría que a Excm. Deputación Provincial de Lugo posúe nos terreos onde se ubica a Granxa Gayoso Castro en Ribeiras de Lea.

O importe de obras, consistentes na construción da devandita planta, ascendeu á cantidade de 1.425.779,61 euros, aos que hai que engadir os custes de licenza e redacción de proxecto que elevan a cantidade investida a máis de 1.450.000 euros.

O Centro de Recría da Deputación comezou a funcionar no mes de xuño de 2018, e mesmo na súa posta en marcha se puxo de manifesto, dende o ente provincial, que ao contar o Centro cunha Planta de Biogás “única en Galicia”, sería tamén autosuficiente dende o punto de vista enerxético. Segundo as previsións, produciría 300 quilovatios de enerxía, suficientes para abastecer ás propias instalacións a través da transformación dos residuos da explotación, que suporían un tratamento de entre 28.000 e 32.000 metros cúbicos de purín ao ano.

Sete anos despois, a Planta de Biogás non funciona. Non chegou a funcionar a pesar de estar rematada dende o ano 2015, e contar con Licenza de Actividade por parte do Concello nesa data. Tanto a maquinaria como o seu sistema de funcionamento corren o risco de deterioro. Non está garantido, polo tanto, o seu funcionamento, logo de 7 anos dende que foi rematada, sen levar a cabo unha profunda revisión mecánica de todos os elementos. Non hai que esquecer o importe económico da instalación acometida con diñeiro público. O obxecto desta planta era inicialmente aforrar 200.000 euros en enerxía eléctrica ao ano e outros 100.000 euros en auga quente e

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	29/33



calefacción. Pretendíase lograr que os custes enerxéticos foran de cero euros e ademais producir excedentes de enerxía que deixarían libres 2.000 megavatios anuais, suficientes para abastecer 250 vivendas. Todo elo xustifica, con carácter urxente, a súa posta en funcionamento.

Ademais destes aforros, manifestábase que outra das vantaxes da Planta de Biogás sería o incremento do valor agronómico dos puríns e do abono, transformándose en dixestado, o que melloraría a capacidade do fertilizante e a redución da emisión a atmosfera de 400 toneladas de CO2 anuais, contribuíndo así a unha xestión racional e sostible.

Á vista do exposto anteriormente, pódese concluír que a Deputación Provincial de Lugo ten investidos na Planta de Biogás preto de 1,5 millóns de euros, que non prestan ningún servizo público, non supoñen ningún tipo de aforro ás arcas provinciais, e non reducen emisións de CO2 tal e como se xustificou no seu momento para realizar a inversión. De non poñerse en marcha, de xeito inmediato, estaríamos ante un uso completamente ineficaz dos recursos públicos provinciais de difícil xustificación para os responsables do equipo de goberno provincial que tomaron a decisión.


É de indicar que o Concello de Castro de Rei aprobou en xullo do 2020 unha moción similar a que aquí se expón, pola importancia que concede á posta en funcionamento desta planta.

É evidente que, por todo o anteriormente exposto, resulta urxente a posta en marcha da Planta de Biogás. Pero máis aínda na actual conxuntura, na que os prezos da enerxía alcanzan niveis máximos históricos e supoñen un moi considerable incremento de custos para a Administración.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

Instar ao equipo de goberno provincial a que, de xeito inmediato, acometa a posta en funcionamento da Planta de Biogás integrada nas instalacións do centro de Recría de Castro Ribeiras de Lea, garantindo o seu funcionamento continuo, coa finalidade de que se poidan aforrar custes enerxéticos en relación coas instalacións, así como reducións de CO2”.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	30/33





Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que a Presidenta declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 731 ao 1246. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=10>

11.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.


Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=11>

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Pola señora Presidenta manifestase que hay un Rogo e unha Pregunta presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular e, aínda que poderán ser formulados na presente sesión, a

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	31/33



Pregunta será respostada no próximo pleno porque a mesma foi presentada no día de hoxe pouco antes da sesión plenaria.

ROGO

Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada provincial LU-P-1409, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

O pavimento da estrada provincial LU-P-1409 que comunica Quindous con Robledo pasando por outros lugares do municipio de Cervantes atópase ao longo do seu trazado en bastante mal estado que é máis acusado en algún puntos concretos que presentan grandes fochancas.

Esta situación xera malestar entre os seus usuarios debido ao risco que supón o seu mal estado para a seguridade viaria.


A vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao Sr. Presidente da Deputación:

Que a Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo realice as xestións necesarias para proceder, na maior brevidade posible, á reparación desta estrada provincial LU-P-1409 ao seu paso polo municipio de Cervantes; así coma á limpeza e adecuación das cunetas e a revisión da necesaria sinalización horizontal e vertical”.

PREGUNTA

Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa a medidas para evitar o retraso en obras provinciais, que textualmente di o seguinte:

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	32/33





“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, expón:

O incremento dos prezos dos combustibles, da luz e dos materiais de construción, así como problemas para o seu puntual subministro, afectan tanto á obra pública como a obra privada. Como consecuencia do encarecemento dos materiais e a conseguinte suba do IPC, vese afectada moita obra pública en todo o territorio nacional. Algunhas Administracións proceden a actualizar os orzamentos das obras para adaptalos aos novos prezos, co fin de tratar de reducir o retraso na execución ou, no peor dos casos, evitar que as empresas renuncien a execución dos traballos que teñen adxudicados.

Neste contexto, o Grupo Provincial Popular formula, para a súa resposta na próxima sesión plenaria da Corporación Provincial, a seguinte pregunta:

A Deputación de Lugo, adoptou ou ten previsto de inmediato adoptar algunha medida para evitar que a suba dos prezos dos combustibles, da luz e o encarecemento dos materiais de construción retrasen as obras provinciais e para afastar o risco de que as empresas adxudicatarias renuncien a executar os traballos que teñen adxudicados?.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220426&punto=12>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Fecha y Hora	02/05/2022 14:41:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWACOMENP3RBCTTQSJ4XAIU	Página	33/33

